



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Nomeamento integrantes da Xunta de Goberno Local*

##### **Nomeamento integrantes da Xunta de Goberno Local**

Con data 21 de xuño de 2023, por esta alcaldía ditouse a Resolución nº 742/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

##### **Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local**

##### **Expediente. 2023/G005/000001**

Constituída a nova Corporación municipal o pasado día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno.

Polo que no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós/ás seguintes concelleiros/as:

D. Juan Antonio Fariña Pedreira

D<sup>a</sup>. Patricia María Vázquez Figueroa

D<sup>a</sup>. María del Pilar Barja Val

D. José Ramón Lorenzo Carou

**SEGUNDO.** Convocar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local para o día 29 de xuño de 2023, ás 14:00 horas, na Casa do Concello de Bergondo.

**TERCEIRO.** Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez.

Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

Bergondo, 26 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez